

Impacto económico e social da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENTE

Alfonso Rueda Valenzuela

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

Conselleiro

José López Campos

Secretaría Xeral Técnica

Elvira María Casal García

Dirección Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro

Cristina Rubal González

Servizo de Bibliotecas

Alba Paz Boubeta

Traballo técnico: Ideara Investigación

Textos: elaboración propia

Maquetación e impresión: ográficodeseño


DL: C 1181-2024

Santiago de Compostela, 2024

Impacto económico e social da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



LIMIAR

As bibliotecas son unha das institucións culturais máis significativas dunha sociedade ao abrir as portas ao coñecemento e á cultura. Son espazos necesarios para o desenvolvemento dun pobo, ao dotalo de multitude de recursos e habilidades para o seu día a día. Sería un erro pensar que as bibliotecas son meros depósitos de libros que agardan a ser consultados, senón que xeran un importante impacto social e económico.

As bibliotecas, xa que logo, cumpren unha función social e económica vital para a nosa sociedade. Por iso, a Xunta de Galicia, por primeira vez, elaborou un informe para coñecer cal e o impacto e coñecemento dos servizos das nosas bibliotecas na cidadanía. Grazas a este poderemos poñer en valor os servizos que ofrece a nosa ampla Rede de Bibliotecas de Galicia, así como avaliar o seu impacto e consideración na cidadanía. Para, a continuación, concienciar a sociedade do valor económico que teñen para o pobo galego. As nosas bibliotecas son unha das fonte de riqueza máis significativas para que a nosa sociedade siga progresando.

As bibliotecas son espazos que promoven a alfabetización ao ofrecer innumerables recursos en distintos formatos para que os seus usuarios adquiren as habilidades necesarias para o seu total desenvolvemento social. Así mesmo, dotan das ferramentas indispensables para garantir o acceso universal á información e á tecnoloxía das persoas, algo fundamental para a construción dunha sociedade crítica e autónoma.

O ser humano, como suxeito narrativo, busca transmitir as súas vivencias e inquietudes, mesmo de xeración en xeración. Estes relatos, primeiro orais e máis tarde escritos, asumen unha función pedagóxica. Neste senso, as bibliotecas son imprescindibles non só por ser depositarias desas fontes narrativas, senón por fomentar a imaxinación, innovación e creación. Desenvolver a nosa capacidade imaxinativa posibilita, por un lado, unha mellor comprensión da realidade, e por outro, abrirse á posibilidade de creación de novos mundos que nos permitan progresar e mellorar na procura de solucións aos problemas do noso tempo.

Así mesmo, as bibliotecas son un pilar fundamental para a conservación da nosa historia e do noso acervo cultural. Galicia ten unha rica e diversa cultura que é necesario coñecer e preservar, pois iso significa tomar conciencia do que somos e das nosas raíces. A función que cumpren as bibliotecas é capital neste eido ao albergar importantes legados históricos e culturais e poñelos ao servizo de toda a sociedade, porque a cultura non pode ser exclusiva duns poucos. Todo isto lévanos a recoñecer o labor comunitario e social que desempeñan as bibliotecas, un dos espazos máis inclusivos dunha sociedade que contribúe á cohesión social e o benestar persoal.

INDICE

INDICE	6
1. INTRODUCCIÓN	7
1.1. OBXECTIVO	8
1.2. METODOLOXÍA	8
1.2.1. As fontes de información	9
1.2.2. O retorno do investimento (ROI)	10
1.2.3. Asignación de prezos de mercado (APM)	11
1.2.4. Valoración continxente (VC)	18
2. A REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA EN DATOS	23
3. O IMPACTO SOCIAL DA RBPGP	27
4. O VALOR ECONÓMICO DAS BIBLIOTECAS SEGUNDO A METODOLOXÍA DE ASIGNACIÓN DE PREZOS DE MERCADO (APM)	35
4.1. PRÉSTAMOS BIBLIOTECARIOS	35
4.2. O VALOR DAS SALAS DE LECTURA E OUTROS ESPAZOS HABILITADOS	37
4.3. O VALOR DO ASESORAMENTO BIBLIOGRÁFICO	38
4.4. O VALOR DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS CULTURAIS E FORMATIVAS	39
4.5. O VALOR DO USO DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS	40
4.6. ROI GLOBAL	42
5. O VALOR ECONÓMICO DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA SEGUNDO A METODOLOXÍA DE VALORACIÓN CONTINXENTE	45
6. CONCLUSIÓN	51
7. BIBLIOGRAFÍA	53
8. ANEXO I. CUESTIONARIOS	55


1. INTRODUCCIÓN

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, coordina a Rede de Bibliotecas de Galicia, na que están integradas a meirande parte das bibliotecas públicas de Galicia.

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (RBPG) constitúe unha importante infraestrutura cultural e educativa que engloba un conxunto organizado de bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos de Galicia para o desenvolvemento e a planificación da oferta bibliotecaria pública, segundo o establecido na Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

Esta Rede está formada polas bibliotecas de xestión autonómica, así como por preto doutras 300 repartidas polo territorio galego e integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, dependendo a súa gran maioría de concellos ou entidades locais.

Forman parte da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia:



Ofrece unha serie de servizos á cidadanía, entre os que podemos destacar: expedición do carné da biblioteca (documento persoal e único que dá dereito a usar os servizos de calquera biblioteca integrada na rede); catálogo (base de datos dos fondos cos que conta a rede de bibliotecas); préstamo de libros e outros materiais, como xornais e revistas, audiovisuais, dispositivos electrónicos, etc.; servizo de información e referencia; GaliciaLe (plataforma dixital de préstamo de libros, revistas, audiolibros e películas en liña); salas de lectura e numerosas actividades culturais.

Tamén dispón dunha relación de servizos enfocados a profesionais e difunde información estatística a través da súa web, o que posibilita que a cidadanía poida coñecer o número de bibliotecas, o seu custo, como se financian, o número de persoas usuarias...

O feito de que a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia sexa un servizo público e non repercuta un prezo ao usuario polo uso dos servizos dificulta cuantificar o seu valor para a sociedade, e, por conseguinte, provoca descoñecemento sobre o impacto económico e social que xera na cidadanía.

Porén, ademais dos servizos mencionados, a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia achega gran cantidade de beneficios.

No eido social destacan, entre outros:

- — Promoción da cultura
- — Fomento do coñecemento
- — Alfabetización e acceso á información
- — Preservación do patrimonio cultural
- — Desenvolvemento social

E outros beneficios sociais, xa que as bibliotecas son un lugar de encontro para a comunidade e promoven a inclusión social e melloran a calidade de vida das persoas.

A nivel económico, as bibliotecas públicas tamén desempeñan un papel importante, xa que teñen un impacto positivo significativo. Non só son institucións rendibles de cara ás administracións das que dependen, senón que repercuten significativamente na economía persoal da cidadanía que fai uso destes servizos.

Este informe pretende achegar información complementaria que permita determinar estes beneficios sociais e económicos. Traducir eses beneficios en cifras. Beneficios que en moitas ocasións pasan desapercibidos debido á natureza gratuíta dos seus servizos.

1.1. OBXECTIVO

O obxectivo final deste traballo de investigación é coñecer o retorno do investimento (ROI¹) e o valor económico dos servizos ofrecidos pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, coa finalidade de poñer en coñecemento da poboación o valor destes servizos que se ofrecen de forma gratuíta.

Para lograr unha maior difusión e concienciación desenvolverase unha ferramenta que permita a calquera persoa interesada calcular o valor económico dos servizos que utiliza.

A continuación, descríbese a metodoloxía utilizada para a realización deste estudo.

1.2. METODOLOXÍA

Aínda que o valor derivado da acción pública vai máis lonxe do expresado exclusivamente en termos económicos, o retorno do investimento ou ROI é un indicador clave, que nos permite coñecer os beneficios dun determinado investimento, sendo unha unidade de medida útil e amplamente aceptada á hora de falar de valor (The SROI Network, 2012).

Para calcular o valor económico da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia utilizouse unha combinación de metodoloxías, observando o obxecto de estudo desde diferentes ángulos para superar as dificultades que se poidan presentar na obtención dos datos.

Estas técnicas son a asignación de prezos de mercado (APM²) e a valoración continxente (VC³) que se describen a continuación. Pero antes de afondar nas técnicas empregadas para calcular o ROI é preciso comprender o significado deste indicador.

¹ ROI son as siglas en inglés de Retorno Sobre o Investimento, é unha métrica para calcular o beneficio obtido a partir dun investimento, é dicir, para avaliar a súa rendibilidade.

² APM son as siglas de Asignación a Prezos de Mercado, un termo utilizado nos estudos económicos como un método para calcular o valor dun produto ou servizo en función dos produtos/servizos análogos xa existentes no mercado.


1.2.1. As fontes de información

Antes de afondar en definicións técnicas realizarase unha breve clasificación e explicación das fontes de información utilizadas.

As fontes de información primarias son aquelas nas que os datos son recompilados directamente da fonte orixinal. Esta información obtense a través de técnicas como enquisas ou entrevistas e os datos xerados especificamente para a investigación en cuestión. Mentres que as fontes de información secundaria fan referencia aos datos que se recolleron e se procesaron para outra finalidade. Normalmente proveñen de publicacións, informes de investigación, bases de datos, rexistros públicos ou datos da *web*.

FONTES DE INFORMACIÓN PRIMARIAS

Realizouse unha enquisa dirixida a dúas poboacións diferenciadas: unha a persoas usuarias da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e outra dirixida á cidadanía galega que non emprega estes servizos.



O deseño dos dous cuestionarios⁴ utilizados realizouse *ad hoc* para este estudo coa finalidade de recompilar información sobre os beneficios sociais e a valoración económica que a cidadanía estimou dos servizos da Rede.

Para realizar as enquisas ás persoas non usuarias das bibliotecas empregouse un cuestionario en liña que se lle achegou a persoas seleccionadas a través dun panel⁵. No caso das persoas usuarias empregouse, ademais, a opción de cubrir o cuestionario en formato papel.

FONTES DE INFORMACIÓN SECUNDARIAS

Utilizáronse diversas fontes de información de datos secundarios. A máis importante, e sobre a que se sustentan a maioría das análises realizadas, son as estatísticas oficiais das bibliotecas públicas de Galicia⁶ (usáronse os datos correspondentes a 2022 por ser os da última estatística anual dispoñible). Esta fonte de datos pública amosa valores absolutos e cálculos dos principais indicadores por ano.


³ VC son as siglas de Valoración Continxente, un método para calcular o prezo dun produto o servizo en función do que as persoas están dispostas a pagar por el.

⁴ Pode consultar os cuestionarios no anexo I.

⁵ Conxunto de persoas que voluntariamente amosan disposición a recibir convite para cubrir cuestionarios coa finalidade de participar en investigacións de carácter social ou de mercado.

⁶ Elaborada con periodicidade anual a partir dos datos que proporciona cada unha das bibliotecas públicas. Con este fin, recóllense os datos pertinentes a través dun formulario baseado na norma ISO 2789. Estatísticas das bibliotecas públicas de Galicia: <https://estadistica-rbgalicia.xunta.gal/>

A presentación das estatísticas anuais das bibliotecas públicas galegas estrutúrase en cinco puntos:



O resto de fontes de información utilizadas co obxecto de recadar datos do valor dos servizos análogos no mercado privado como parte do estudo de campo relaciónanse no punto correspondente (ver capítulo 8. BIBLIOGRAFÍA), entre os que destacan *El valor económico y social de los servicios de información: bibliotecas en el año 2010* realizado por FESABID, a investigación do Goberno de Navarra; *Estudio de impacto socioeconómico de las Bibliotecas en la Comunidad Foral de Navarra* ou o estudo da Diputació de Barcelona titulado *El retorno a la inversión de la Red de Bibliotecas Municipales de la provincia de Barcelona*.

1.2.2. O retorno do investimento (ROI)

O ROI (*return on investment*) mide os beneficios económicos que xera un determinado servizo en relación co seu custo. Este indicador expresa o valor dos servizos ofrecidos por cada euro investido, neste caso concreto, na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Resumindo, o ROI mide, en termos económicos, os beneficios xerados en relación co gasto realizado.

A fórmula resultante para o seu cálculo é a seguinte:

O resultado deste índice contrastará ata que punto os beneficios derivados dun servizo superan os custos asociados ao seu funcionamento e mantemento. Un resultado maior que 0 indica que os beneficios superan os custos, mentres que se é menor, os custos superan os beneficios.

O ROI exprésase da seguinte forma: 1; X €. É dicir, por cada euro investido existe un beneficio de X cantidade.

$$\text{ROI} = \frac{\text{Valor económico dos servizos da RBPG}}{\text{Custos da RBPG}}$$

ROI



Se X>0; Beneficios superan custos

Se X<0; Custos superan beneficios

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ten un custo e uns investimentos sufragados polas administracións públicas. Este custo incorrido é posible coñecelo grazas ao labor de recompilación estatística que se realiza ano tras ano.

Pero, como medir os beneficios dunha entidade que ofrece servizos gratuítos, como é o caso da RBPG?

Este financiamento público dos custos e o carácter gratuíto dos seus servizos converxen nun descoñecemento por parte da poboación dos beneficios económicos que supoñen, tanto para a sociedade, como individualmente. Pero tamén é unha limitación á hora de abordar un estudo destas características.

Nas últimas décadas xurdiron diferentes investigacións co mesmo obxectivo: estimar o impacto económico das bibliotecas públicas. Estes estudos comparten metodoloxías e limitacións para medir o beneficio económico que proporcionan as bibliotecas na sociedade.


Alguns destes estudos realizados no territorio nacional, e que sentaron un precedente foron: o estudo de Fesabid *El valor económico y social de los servicios de información: bibliotecas* no ano 2010, a investigación do Goberno de Navarra e o Consejo de Cooperación Bibliotecaria en 2016 denominado *Estudio de impacto socioeconómico de las Bibliotecas en la Comunidad Foral de Navarra* ou o estudo realizado pola Diputación de Barcelona, *El retorno a la inversión de la Red de Bibliotecas Municipales de la provincia de Barcelona*, publicado no ano 2011.

1.2.3. Asignación de prezos de mercado (APM)

A asignación de prezos de mercado consiste en determinar o valor dos servizos realizados polas bibliotecas comparándoos con servizos análogos ou similares xa existentes e polos que si se paga.

Para acadar o prezo destes servizos análogos, é necesario realizar un profundo estudo de campo previo para coñecer o seu valor, realizar unha recompilación e análise dos datos secundarios dos que dispón a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e levar a cabo unha enquisa realizada á cidadanía para coñecer o uso destes servizos e os gastos que supoñen.

En resumo, para obter o ROI a través da asignación de prezos de mercado é necesario coñecer:



Só se terán en consideración os servizos cuantificables e que se poidan traducir a prezos de mercado de forma obxectiva (Hernández Sánchez, 2016).

Continuando coa metodoloxía da APM, é necesario que ambos conceptos (custos e beneficios) se expresen na mesma unidade de medida, xa que, mentres os custos son facilmente identificables na maioría dos casos, os beneficios non. É dicir, cal e o valor monetario de que unha persoa leve un libro en préstamo ou use os espazos da biblioteca para estudar?

Para resolver esta cuestión, atribúense prezos de mercado aos distintos servizos esenciais ofertados pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. De todos os servizos da Rede, identificáronse como esenciais os seguintes:


1.	2.	3.	4.	5.
Préstamo de libros e contidos audiovisuais	Uso da sala de lectura e outros espazos habilitados	Realización de actividades culturais e formativas	Asesoramento bibliográfico por parte do persoal da biblioteca	Uso dos equipos informáticos

A continuación, expónse unha breve explicación do traballo de campo realizado para estimar o prezo unitario de cada un destes servizos, e, nos casos necesarios, os cálculos adicionais para estimar os custos relacionados co servizo e o número de usos.

Os métodos de estimación empregados son os habituais neste tipo de estudos e os mesmos empregados no estudo de Fesabid *El valor económico y social de los servicios de información: bibliotecas* no ano 2010, na investigación do Gobierno de Navarra e o Consejo de Cooperación Bibliotecaria en 2016 denominado *Estudio de impacto socioeconómico de las Bibliotecas en la Comunidad Foral de Navarra* e no estudo realizado pola Diputació de Barcelona, *El retorno a la inversión de la Red de Bibliotecas Municipales de la provincia de Barcelona*, publicado no ano 2011.

PRÉSTAMOS BIBLIOTECARIOS

Para estimar o valor de mercado asociado a este servizo é necesario establecer o criterio de asignación para o prezo unitario de cada préstamo. Para isto, cómpre desagregar o valor do servizo segundo o tipo de contido prestado, xa sexan libros físicos ou contidos audiovisuais.



ESTIMACIÓN DO PREZO UNITARIO DOS LIBROS

Para esta asignación de prezos realizouse unha extensa análise de fontes de datos secundarios. Revisouse o prezo de máis de 300 libros de nova edición e o seu respectivo prezo no mercado de segunda man en webs relevantes⁷.

Entre estes títulos atópanse os libros máis prestados pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, así como unha mostra aleatoria de títulos do seu catálogo.



Calcúlase o valor da lectura como a diferenza entre o prezo medio dos libros de nova edición, menos o prezo medio dos libros usados. O resultado é a depreciación no valor material do libro. Aplícase esta depreciación ao prezo medio dos libros asignándoo como "valor" de cada préstamo.

ESTIMACIÓN DO PREZO UNITARIO DOS CONTIDOS AUDIOVISUAIS

Os contidos audiovisuais cada vez van cobrando máis relevancia, ademais de ser un formato en constante cambio no xeito de consumilo coa aparición das plataformas de *streaming*.



O procedemento para coñecer o valor dos préstamos destes materiais é o seguinte:

Revisouse o prezo de alugamento de máis de 200 contidos, entre os que destacan os máis prestados pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e unha mostra aleatoria entre todos os contidos que ofrecen as diversas plataformas de *streaming* (Amazon prime, Movistar +, Apple TV, Google play, Rakuten, etc.)

ESTIMACIÓN DO NÚMERO DE USOS

O número de préstamos de libros físicos e contidos audiovisuais obtense directamente das estatísticas das bibliotecas públicas de Galicia.

ESTIMACIÓN DOS CUSTOS

O custo deste servizo calcúlase sumando os gastos en adquisición da colección e multiplicando este importe pola porcentaxe que supoñen os libros e contidos audiovisuais sobre o fondo total.

$$\text{Custo} = (\text{gastos en adquisición de publicacións} + \text{lotes bibliográficos fundacionais}) \times \% \text{ dos libros e contidos audiovisuais sobre o total da colección.}$$

⁷ Principalmente na web de *La casa del Libro* ou *Iberlibro*. No caso de que non existisen alternativas de segunda man, recorreuse a webs como *Todocolección* ou *Wallapop*.

USO DA SALA DE LECTURA E OUTROS ESPAZOS HABILITADOS

ESTIMACIÓN DO PREZO UNITARIO

Para determinar o prezo de mercado deste servizo, realizouse unha comparación co seu análogo no sector privado. O que máis se asemellaba son os espazos de *coworking*.



Os espazos de *coworking* son centros de traballo utilizados simultaneamente por varias persoas. Permiten que as persoas utilicen un mesmo espazo físico e recursos como conexión a internet, mobiliario, etc., a cambio dunha tarifa ou alugueiro. Estes lugares presentan características similares ás que ofrecen as salas de lectura das bibliotecas, xa que son lugares compartidos que favorecen un ambiente propicio para a concentración e a realización de tarefas profesionais ou académicas.

En resumo, tanto os espazos *coworking* como as salas de lectura das bibliotecas públicas proporcionan unha contorna axeitada para traballar ou estudar de maneira eficaz de forma individual ou colaborativa, compartindo recursos e interactuando coa comunidade.

A técnica utilizada para calcular o prezo estimado deste servizo é o de atribuírlle as tarifas dos espazos *coworking* por día. Non obstante, diferenciouse entre o alugamento destes espazos en cidades e en zonas rurais ou menos poboadas, xa que as tarifas amosaban diferenzas significativas nos prezos.

ESTIMACIÓN DO NÚMERO DE USOS

Para determinar o número de veces que a cidadanía utilizou os espazos da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia co fin de ler, estudar, traballar, etc., procedeuse do seguinte xeito: do total de persoas enquisadas que visitaron a biblioteca no último ano, calculouse cantas delas (en tanto por cento) declararon utilizar este servizo; finalmente, aplicouse esta porcentaxe ao número total de visitas ás bibliotecas que houbo no ano en toda a RBPG, dato obtido da estatística anual.

ESTIMACIÓN DOS CUSTOS

O custo das salas de lectura e outros espazos habilitados vén determinado polo custo das instalacións (investimentos e gastos en mantemento). Porén, non todos os espazos da biblioteca están destinados a estes usos, polo que non se poden imputar todos os custos das instalacións a este servizo. Para estimar o gasto, calculouse a porcentaxe da superficie total destinada a estes fins. O resultado multiplicouse polos custos das instalacións.

*% da superficie de uso público = total da superficie de uso público
(sala única + hemeroteca + sala de lectura infantil + sala de lectura xeral) /
total da superficie da RBPG.*

*Custo do servizo de sala de lectura = (gasto en mantemento das instalacións
+ investimento en solares e mobiliario) x % da superficie de uso público.*

ASESORAMENTO BIBLIOGRÁFICO

ESTIMACIÓN DO PREZO UNITARIO

O servizo análogo no mercado privado, ou o máis aproximado, sería o de consultaría.



O valor de consultaría estableceuse segundo os prezos de mercado actuais, equiparándoo ao custo de asesoramento dunha consultaría estándar.

Para determinar o prezo unitario por asesoramento bibliográfico, é necesario, ademais, estimar a duración destas consultas. Este tempo determinouse a través das respostas obtidas nun cuestionario dirixido ao persoal bibliotecario.

Finalmente, a fórmula para acadar o prezo unitario do servizo de asesoramento bibliográfico é o que segue:

$$\text{Prezo unitario do servizo de asesoramento} = \text{prezo da hora de consultaría} \times \text{tempo medio do servizo de asesoramento por parte do persoal (horas)}$$

ESTIMACIÓN DO NÚMERO DE USOS

Para determinar o número de consultas atendidas ao ano, multiplicouse a porcentaxe de persoas enquisadas que visitaron a biblioteca nalgún momento do último ano e que declararon utilizar este servizo polo número total de visitas que houbo no ano.

ESTIMACIÓN DOS CUSTOS

Os custos xerados por este servizo son, fundamentalmente, os custos laborais do persoal que o presta. Porén, o persoal bibliotecario non dedica a totalidade da súa xornada ao asesoramento da cidadanía, polo que non se pode atribuír todos os custos en persoal a este servizo.

Para imputar os custos correspondentes, é necesario coñecer o número de persoas traballadoras en quendas completas que atenden consultas. A fórmula para estimar esta información é a seguinte:

$$\begin{aligned} & \text{Nº de persoas traballadoras en quendas completas que atenden consultas} \\ &= (\text{nº de persoas traballadoras na RBPG} \times \text{horas equivalentes ás consultas}) \\ & / (\text{nº de persoas traballadoras na RBPG} \times \text{horas equivalentes a unha quenda completa}) \end{aligned}$$

Calcúlase a porcentaxe que supón o número de persoas traballadoras en quendas completas respecto do total dos traballadores na RBPG, e o resultado desta porcentaxe aplícase ao total dos custos do persoal.

$$\% \text{ de persoas traballadoras en quendas completas que atenden consultas} = \text{nº de persoas traballadoras en quendas completas que atenden consultas} / \text{nº total de persoas traballadoras en quendas completas}$$

$$\text{Custo do servizo de asesoramento do persoal} = (\text{gastos en persoal} + \text{gastos en formación do persoal}) \times \% \text{ de persoas traballadoras en quendas completas que atenden consultas}$$

ACTIVIDADES CULTURAIS E FORMATIVAS

ESTIMACIÓN DO PREZO UNITARIO

Para estimar o prezo de asistir a cada unha destas actividades tomouse como referencia o catálogo de actividades do programa Ler conta moito que desenvolve a RBPG para coñecer a tipoloxía de actividades que desenvolve.



A continuación, realizouse unha busca dos prezos de mercado entre máis de 100 actividades do seguinte tipo: contacontos, espectáculos de maxia, obras de teatro, exposicións, conferencias, obradoiros de diversa índole (escritura, poesía, pintura, danza, fotografía, etc.), concertos e proxeccións cinematográficas.

A principal fonte de información foi *Ataquilla*, que é o servizo de venda de entradas da Fundación Galicia Obra Social. Nesta web recóllese a programación cultural dos próximos meses, cos seus respectivos prezos de entrada.

Con todo, tamén se realizou unha procura noutras webs que permiten mercar entradas como *El corte Inglés*, *EventBrite*, ou *El Español*, que permite visualizar a axenda cos próximos eventos.

Para os obradoiros, festivais de teatro, etc. cando a duración era moi superior á media da duración das actividades ofrecidas pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, dividiuse o prezo da entrada entre a duración do espectáculo para calcular o prezo/hora da actividade.

ESTIMACIÓN DO NÚMERO DE USOS

O número de asistentes ás actividades culturais realizadas pola RBPG extráese das estatísticas oficiais, polo que non é necesaria a estimación do dato.

ESTIMACIÓN DOS CUSTOS

Os custos xerados por este servizo calcúlanse directamente a partir dos gastos en actividades obtido das estatísticas oficiais en 2022.

USO DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS

ESTIMACIÓN DO PREZO UNITARIO

Para estimar o prezo unitario do uso que as persoas usuarias poidan facer dos equipos informáticos dispoñibles nas bibliotecas partiuse do prezo de alugueiro de equipos, xa que na actualidade non existe oferta no mercado de servizos de acceso puntual a internet. Para iso, realizouse unha busca en diferentes webs que se dedican ao alugamento destes dispositivos.



Entre as webs consultadas destacan as que tiñan maior catálogo (*grover*, *fleet* ou *simplt*), pero ampliando a información con moitas máis páxinas para que o prezo non estivese determinado por ningunha empresa concreta e comprendese unha ampla visión do sector.

Logo de revisar os prezos de máis de 200 equipos, estableceuse o prezo medio que este alugamento mensual supoñía ao día e fixouse ese importe como o prezo unitario.

ESTIMACIÓN DO NÚMERO DE USOS

Para coñecer o número de usos deste servizo, tívose en conta o número de sesións en internet.

ESTIMACIÓN DOS CUSTOS

Aínda que as estatísticas das bibliotecas ofrecen información sobre o custo de mantemento informático, hai que ter en conta que non todos os equipos informáticos dispoñibles son de uso público.

Para estimar os custos dos equipos informáticos, calculouse a porcentaxe de equipos dispoñibles para a cidadanía con respecto ao total. O resultado multiplicouse polo total dos custos asociados ao mantemento de equipos informáticos. Desta forma obtense a parte proporcional do mantemento dos equipos de uso público.

% de equipos de uso público = nº de equipos de uso público / total de equipos da RBPG.

Custo do mantemento de equipos informáticos de uso público = custo do mantemento de equipos informáticos x % de equipos de uso público.

1.2.4. Valoración contingente (VC)

Como método adicional á APM para o cálculo do ROI, existe outro método denominado Valoración Contingente (VC).


A metodoloxía de asignación de prezos de mercado (APM) non ofrece unha visión global dos servizos ofrecidos pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, xa que as bibliotecas ofrecen beneficios que non teñen un equivalente no mercado. En consecuencia, é necesario analizar o valor económico da RBPG desde outra perspectiva. Para iso, emprégase a Valoración contingente (VC), que consiste en asignar un valor ao servizo global preguntándolle directamente á cidadanía a través de enquisas.

O obxectivo principal da enquisa é obter unha estimación do valor económico da RBPG combinando dúas variables: canto consideran as persoas usuarias que vale o servizo e canto estaría disposta a pagar en impostos a poboación que non é usuaria. Adicionalmente, proporcionan información sobre o coñecemento e uso dos servizos, cuantificación do grao de satisfacción e medición do beneficio social que a RBPG lle achega á sociedade.

Realizáronse dúas enquisas dirixidas a públicos diferentes.

ENQUISAS A PERSOAS USUARIAS	ENQUISAS A PERSOAS NON USUARIAS
ÁMBITO Galicia	ÁMBITO Galicia
UNIVERSO Persoas que utilizaron os servizos da RBPG nos últimos tres anos	UNIVERSO Persoas que non utilizaron os servizos da RBPG nos últimos tres anos
MOSTRA TEÓRICA 473	MOSTRA TEÓRICA 474
MARXE DE ERRO $\pm 4,5$	MARXE DE ERRO $\pm 4,5$
DATAS DE TRABALLO DE CAMPO Xuño e agosto de 2023	DATAS DE TRABALLO DE CAMPO Agosto de 2023

Finalmente, o número de enquisas realizadas ás persoas usuarias foi de 585 e 575 ás persoas non usuarias, resultando unha marxe de erro do $\pm 4,05$.




Considérase unha persoa como usuaria se fixo uso dos servizos nos últimos tres anos e non unicamente pola posesión dun carné, pois existen servizos aos que pode acceder sen necesidade de telo, como son o uso da sala de lectura, asesoramento bibliográfico, etc. Pola contra, non son usuarias aquelas persoas que non cumpren con estes requisitos.

As enquisas inclúen preguntas sobre a percepción económica do servizo, pero tamén sobre o coñecemento dos distintos servizos ofertados e o seu uso e beneficios para a sociedade. O contido dos cuestionarios pode consultarse no Anexo I.


As complexidades técnicas no uso destas técnicas abranguen desde a necesidade de precisión na redacción das preguntas ata a depuración e detección de casos atípicos que poidan producir unha infravaloración ou sobrestimación polas opinións máis extremas.

A continuación, descríbese o perfil das persoas usuarias e non usuarias á vista das respostas ás enquisas:

O 63,1 % das persoas usuarias son mulleres. A distribución por sexos resulta máis equilibrada entre as persoas non usuarias (53,2 % de mulleres).




No seguinte gráfico, pódese observar a distribución das idades entre as persoas usuarias e non usuarias da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Destaca que a maioría de persoas usuarias pertencen aos grupos de mediana idade (de 35 a 54 anos), cunha porcentaxe do 56,9 % de persoas usuarias con ese rango de idade, fronte ao 49,7% das persoas non usuarias clasificadas nestas idades.




No que respecta ao nivel de estudos acadados, o 69,9 % das persoas usuarias remataron estudos superiores (grao, diplomatura, licenciatura, etc.).

A porcentaxe das persoas con estudos primarios ou sen estudos é similar en ambas poboacións, mentres que a porcentaxe de persoas con educación secundaria é maior entre as persoas non usuarias.




As persoas non usuarias superan as persoas usuarias que teñen situacións laborais remuneradas (traballadores/as por conta allea ou propia). Concretamente o 72,4 % das persoas non usuarias son traballadoras por conta allea ou por conta propia, fronte a un 63,6 % das persoas usuarias. Mentres que destacan positivamente o número de persoas usuarias que son estudantes, fronte ás persoas non usuarias.

Mentres que destacan positivamente o número de persoas usuarias que son estudantes, fronte ás persoas non usuarias.



En relación co nivel de ingresos, o máis destacado é que, en xeral, as persoas usuarias tenden a ter niveis de ingresos máis baixos en comparación coas non usuarias.



Finalmente, pode determinarse que o perfil das persoas usuarias é, maioritariamente, mulleres, de mediana idade, con estudos superiores, traballadoras e con ingresos medios. Mentres que o perfil das persoas non usuarias é o dunha persoa de mediana idade ou idade máis avanzada, con estudos superiores ou obrigatorios a partes case iguais, traballadora, e que conta cuns ingresos medios ou altos.



2. A REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA EN DATOS

Dado que a principal fonte de datos empregados para este estudo procede dos datos estatísticos das bibliotecas públicas de Galicia referidos a 2022, imos ofrecer unha breve panorámica a partir desta información.

A recollida de datos estatísticos realizouse sobre un total de 315 bibliotecas públicas, das que 290 achegaron datos. Tendo en conta que o universo consultado coincide na súa inmensa maioría coa Rede de Bibliotecas de Galicia, tomáronse estes datos como representativos da actividade da Rede.

No ano 2022 rexistrou un total de **809.229** persoas usuarias inscritas na RBPG, das cales 38.394 corresponden a novas inscricións.

Mentres que en termos de visitas, a RBPG contabilizou **3.305.169** no ano 2022, o que supón 46,3 visitas por día de servizo e un índice de **1,23** visitas por habitante de Galicia.

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia dispón de **7.135.378** documentos, ademais de ofrecer servizos por internet para o acceso á documentación electrónica. Isto supón **2,6** documentos por habitante.

No ano 2022 incorporaron á colección **257.822** documentos novos, cun índice de crecemento do **1,30** e un índice de renovación do **3,68**, o que reflicte un importante labor de mantemento e actualización do fondo.

A gran maioría dos documentos que constitúen o fondo total son libros e folletos (77,2 %), seguido das publicacións periódicas en menor medida.

290 bibliotecas
que achegaron datos

809.229 usuarios/as
inscritos na RBPG


3.305.169 visitas
na RBPG no ano 2022

7.135.378 documentos
2,6 por habitante

1.971.519 préstamos
0,73 por habitante

638,7 empregos directos
a tempo completo


TIPOLOXÍA DOS DOCUMENTOS QUE COMPOÑEN O FONDO



En canto ao uso dos servizos, o número de prestameiros activos foi de 138.581 persoas, o que significa que a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia foi utilizada para o préstamo de documentos polo 5,2 % da poboación galega e por un 30,1 % das persoas usuarias. Destes prestameiros activos, 97.891 eran persoas adultas, mentres que 40.107 pertencían a un público infantil ou xuvenil e o resto a entidades e institucións.

En total, prestáronse 1.971.519 documentos. A distribución por público dos préstamos é do 61,3 % para as persoas adultas e o 37,9 % para persoas usuarias de cohortes máis novas. Esta cifra supón o préstamo de 0,73 documentos por habitante, 2,4 por usuario e 14,2 documentos por prestameiro. Este último dato reflicte unha boa frecuencia de uso entre os prestameiros activos en 2022.

Case o 90 % dos préstamos son de libros, seguido, moi de lonxe, polo préstamo de contidos audiovisuais. A RBPG realizou un total de 11.930 actividades no ano 2022, cun total de asistentes de 346.179 persoas.



Tamén cabe destacar dentro desta breve exposición outros datos que resultan relevantes para este estudo:

En 2022 a RBPG contaba con 1.763 ordenadores de uso público e 972 dispositivos electrónicos para o préstamo a domicilio.

A superficie útil total da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia é de 113.111 metros cadrados e conta con 16.432 postos de lectura, dos cales 4.630 teñen conexión á rede eléctrica.

No 2022 ocupou un total de 754 traballadores/as, ou, en equivalencia a tempo completo 638,7.

Polo que respecta aos datos de carácter económico: O gasto da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ascendeu no ano 2022 a **28,5 millóns de euros**, o que supón unha media de **10,6 euros por habitante**. O 69,2 % destes gastos son asumidos polos concellos, o 24,2 % pola Xunta de Galicia e un 6,6 % por outras entidades.

Gastos correntes en 2022

28,5 millóns

.....

10,6 euros

por habitante

.....

Financiamento

69,2 % Concellos


24,2 % Xunta de Galicia

3,6 % Deputación

2,8 % outros


0,1 % Ministerio de Cultura

Dos gastos que asume a RBPG, o máis importante é o gasto destinado ao persoal das bibliotecas, ao que dedica case o 60 % dos gastos correntes. As instalacións supoñen un 8,4 % e a adquisición e mantemento da colección o 7,2 % dos gastos correntes totais.



Ademais, é importante destacar que en 2022 se realizou un **investimento de 1.562.476 €**. A metade deste investimento foi asumido polos concellos, mentres que o 44,2 % pola Xunta de Galicia e o restante 4,5 % por outras entidades.

As diferentes partidas de investimento e a súa distribución son as que seguen:



Novidades

Novidades



3. O IMPACTO SOCIAL DA RBPG

Antes de introducirmos no impacto e valor económico da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, é importante deixar constancia do valor que ten en termos sociais, medido a través da enquisa realizada a persoas usuarias e non usuarias na que se analizou o grao de coñecemento dos servizos bibliotecarios, a intensidade de uso e os servizos máis demandados e o nivel de satisfacción xeral dos servizos empregados.

En primeiro lugar, vaise analizar o **coñecemento que ten a cidadanía galega dos servizos que ofrece a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia**.


O seguinte gráfico mostra que practicamente a totalidade da poboación, sexa ou non usuaria de bibliotecas, coñece o servizo de préstamo de libros e revistas. Outro servizo que tamén é coñecido por máis do 90 % das persoas, é o do espazo para ler ou estudar con material propio ou da biblioteca.

O resto de servizos non mostran un coñecemento tan destacado e ademais reflicten diferenzas importantes entre persoas usuarias e non usuarias da RBPG.


Máis do 90 % das persoas usuarias saben que a biblioteca tamén é un espazo onde ler a prensa, organiza actividades culturais como presentacións de libros, exposicións, actividades infantís, etc., realiza préstamos de materiais audiovisuais e outros soportes e permite consultar o catálogo da biblioteca en liña. O resto dos servizos son menos coñecidos, pero ningún baixa do 60 % entre as persoas usuarias, sendo os máis descoñecidos que a RBPG ofrezca espazos para xogar ou actividades de formación xeral ou especializada.

Polo que respecta ás persoas non usuarias, a orde dos servizos en función do grao de coñecemento é case a mesma que para as persoas usuarias, no entanto, as porcentaxes de coñecemento son moi inferiores. Canto menor coñecemento amosa a cidadanía en xeral dun determinado servizo, maior é a fenda e o descoñecemento cando se trata dunha persoa non usuaria.

COÑECEMENTO DOS SERVIZOS DA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA




Centrándonos agora nas persoas usuarias, o 70,8 % delas utilizaron algún servizo da biblioteca na última semana na que contestaron a enquisa, sendo moi residual o número de usuarios/as que utilizaron o servizo hai máis de seis meses.



Polo que respecta á frecuencia de uso, case a metade utilizan algún dos servizos unha vez á semana ou máis (46,8 %), mentres que algo menos da outra metade usan os servizos da Rede Pública de Bibliotecas de Galicia unha ou dúas veces ao mes. O que quere dicir que o 90 % das persoas usuarias visitan as bibliotecas como mínimo unha vez ao mes ou con máis periodicidade.


En canto ao **uso dos servizos ofertados**, máis do 94 % das persoas usuarias utilizaron a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia para o préstamo de libros ou revistas. Unha das conclusións que se poden extraer destes datos é que unha mellor difusión dos servizos contribuiría a unha maior utilización. De feito, das persoas que declaran coñecer estes servizos, a consulta en liña do catálogo, a biblioteca como espazo para ler ou estudar, o asesoramento bibliográfico ou as actividades culturais son os servizos máis utilizados. Os menos coñecidos son as actividades de formación xeral ou as bibliotecas como espazos de xogo, que tan só son empregados por un terzo das persoas usuarias.

% DE USO DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS POR PARTE DAS PERSOAS USUARIAS



Cando se pregunta ás persoas non usuarias se lles gustaría utilizar os servizos bibliotecarios, a gran maioría declara que utilizaría a consulta en liña do catálogo, o asesoramento do persoal, actividades de formación xeral ou especializada e actividades culturais e o préstamo dixital ou acceso a outros recursos en liña. Mentres que os servizos que xeran un menor interese nas persoas non usuarias son a biblioteca como espazo para xogar e para ler a prensa. Aínda que todos os servizos espertan niveis altos de interese entre aquelas persoas que os coñecen.

% DE PERSOAS NON USUARIAS ÁS QUE LLES GUSTARÍA UTILIZAR OS SERVIZOS DA RBPG



Finalmente, analízase a **valoración que fai a sociedade sobre os servizos bibliotecarios**. Do seguinte gráfico despréndese a idea de que os cidadáns, utilicen ou non os servizos bibliotecarios, están de acordo en que as bibliotecas públicas achegan múltiples beneficios á sociedade.



A opinión que conta cun maior consenso é a de que son un soporte para a educación dos nenos e nenas e da mocidade, beneficio sinalado por case a totalidade da poboación.


As valoracións nas que hai maior discrepancia entre as persoas usuarias e non usuarias son a promoción da igualdade de xénero e a concienciación medioambiental, menos compartidas por parte das persoas non usuarias.

A pesar da alta aceptación dos distintos beneficios achegados polos servizos da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, hai diversos **motivos polos que as persoas non utilizan os seus servizos**. Entre eles, atópanse en primeira posición a falta de tempo (27,1 %) e a preferencia de ler ou estudar na casa (23,7 %).

O 13,4 % das persoas non usuarias destacan que atopan os libros por outros medios e a un 8,3 % non lle interesan os servizos prestados pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Un 8,2 % das persoas non usuarias non utilizan os servizos da RBPG pola distancia ou dificultades de desprazamento e un 5,9 % declara que non os utiliza debido ao horario de apertura. Un 4,4 % di non coñecer ningunha biblioteca ou non saber como funcionan. Unicamente o 3,2 % das persoas non usuarias achacan a non utilización dos servizos da RBPG ao descontento; un 1 % mostra descontento co servizo, un 0,5 % coas instalacións e un 1,7 % non atopa na RBPG materiais ou actividades que satisfagan os seus intereses.


MOTIVOS PARA NON UTILIZAR OS SERVIZOS DA RBPG



Para rematar este apartado, vaise analizar a satisfacción global das persoas usuarias cos servizos prestados por parte da biblioteca.

A media da satisfacción sitúase no 8,7, son moi residuais as valoracións por debaixo do 5 e cabe destacar que é valorada cun 10 case pola metade das persoas usuarias que recibiron algún servizo da Rede de Bibliotecas Públicas.

VALORACIÓN MEDIA QUE AS PERSOAS USUARIAS OFRECEN SOBRE OS SERVIZOS PRESTADOS POLAS BIBLIOTECAS





4. O VALOR ECONÓMICO DAS BIBLIOTECAS SEGUNDO A METODOLOXÍA DE ASIGNACIÓN DE PREZOS DE MERCADO (APM)

Lembremos que a metodoloxía APM consiste en determinar o valor dos servizos realizados polas bibliotecas, de forma gratuíta para a cidadanía, comparándoos con servizos análogos ou similares xa existentes polos que si se paga.

Como se indicaba na introdución, só se terán en consideración os servizos cuantificables e que se poidan traducir a prezos de mercados de forma obxectiva.

Nesta liña, é necesario advertir que este método non é suficiente para valorar a totalidade dos servizos que oferta a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, por dous motivos principais:

1. Por non dispoñer de información suficientemente fiable para cuantificar e asociar un prezo de mercado.
2. Por non dispoñer da información estatística necesaria.

Para afrontar esta dificultade, combínase a metodoloxía APM coa da valoración continxente (VC), que radica na valoración que a cidadanía fai dos servizos ofertados pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, e que se abordará máis adiante.

Neste apartado, imos atribuír prezos de mercado a distintos servizos esenciais ofertados pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Segundo a metodoloxía detallada no capítulo introdutorio, os servizos avaliados son os seguintes:

1.	2.	3.	4.	5.
Préstamo de libros, contidos audiovisuais e publicacións periódicas	Uso da sala de lectura e dos espazos habilitados	Asesoramento bibliográfico por parte do persoal da biblioteca	Realización de actividades culturais e formativas	Uso dos equipos informáticos

4.1. PRÉSTAMOS BIBLIOTECARIOS

O préstamo bibliotecario é o servizo fundamental de toda biblioteca. Máis do 97 % dos préstamos que se fan na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia corresponden a **libros e contidos audiovisuais**, polo que o cálculo da APM centrarase nestes materiais.

Para estimar o valor de mercado asociado a este servizo, é necesario establecer o criterio de asignación do prezo. Para isto, é necesario desagregar o valor do servizo segundo o tipo de contido prestado, xa sexan libros físicos ou contidos audiovisuais.

Tras un extenso estudo de campo sobre o valor do libro novo e de segunda man, estableceuse unha devaluación do prezo do 48,4 %, partindo dun prezo medio do libro novo de 17,72 € e de 9,14 € tratándose de libro usado.

Prezo medio do libro novo	Prezo medio do libro de segunda man	Prezo de depreciación	% de depreciación
17,72 €	9,14 €	8,58 €	48,4 %


Pola súa banda, establécese un valor medio do alugamento de contidos audiovisuais en 3,27 €.

Na seguinte táboa móstrase o número de préstamos realizados segundo o tipo de contido avaliado. Segundo se recolle na estatística anual das bibliotecas públicas de Galicia, no 2022 realizáronse 1.923.418 préstamos de libros e contidos audiovisuais que, aplicando a metodoloxía APM, terían un valor estimado de 15.660.808,23 €.

	Nº total préstamos	Valor do préstamo	Valor do servizo
Libros	1.764.827	8,58 €	15.142.215,66 €
Contidos audiovisuais	158.591	3,27 €	518.592,57 €

Tamén, segundo os datos estatísticos en 2022, a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia realizou gastos por importe de 2.010.370 € en adquisición da colección e investimento en lotes bibliográficos fundacionais. O 80,9 % do fondo total da biblioteca componse por libros físicos e contidos audiovisuais (os servizos medidos por APM), polo que este importe se imputa na mesma porcentaxe. O resultado é de 1.626.389,33 € empregados na adquisición de materiais obxecto do préstamo.

O resultado do ROI é de 1; 9,63 €; isto é, por cada euro investido na adquisición e mantemento de material de préstamo, a cidadanía recibe un retorno social de 9,63 €.



O resultado obtido conclúe que este servizo específico de préstamos de materiais é un investimento público socialmente rendible e que xera ganancias para a sociedade en termos de aforro financeiro.

4.2. O VALOR DAS SALAS DE LECTURA E OUTROS ESPAZOS HABILITADOS

Outro dos servizos máis utilizados e coñecidos é o uso das salas de lectura, tanto para a consulta de préstamos *in situ*, como para estudar e traballar con material propio de forma asidua, ou outros usos que poidan desempeñar nos espazos habilitados.

Para determinar o prezo de mercado deste servizo, realizouse unha comparación co seu análogo no sector privado. O que máis se asemella son os espazos de *coworking*.

Tras a revisión de prezos estableceuse un prezo medio do uso das salas en 5,9 € ao día para as cidades e 3,5 € en zonas rurais. Das 3.305.169 visitas que recibiu a Rede de Bibliotecas Públicas en Galicia, o 54,0 % proveñen das grandes cidades (A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), segundo se desprende das estatísticas anuais.


O 76,6 % das persoas usuarias que utilizaron algún servizo no último ano declararon utilizar as salas da RBPG para ler ou estudar, polo que se estima que as salas de lectura e outros espazos habilitados se usaron un total de 2.531.759 veces para estes fins.

	Prezo <i>coworking</i> día	Estimación do nº de visitas	Valor do servizo
Cidades	5,9 €	1.367.916	8.070.704,85 €
Zonas rurais	3,5 €	1.163.844	4.073.452,42 €

O valor do servizo resultante do uso das salas da RBPG é de 12.144.156,26 €.

Polo que respecta aos custos, debemos ter en conta os gastos correntes en instalacións e os investimentos en mobiliario, soares e edificios, polo que primeiro é necesario calcular a superficie total da biblioteca destinada ao público. Segundo se desprende da estatística de 2022, a porcentaxe da superficie total de uso público é do 52,9 %, proporcionalidade que se imputa ao facer o cálculo, polo que o resultado se traduce en 1.946.721,99 €.

O resultado do ROI para o servizo de salas de lectura é de 1;6,24 €; isto é, por cada euro investido nas salas de lectura e outros espazos habilitados para este fin, a cidadanía recibe un retorno social de 6,24 €.



4.3. O VALOR DO ASESORAMENTO BIBLIOGRÁFICO

Este servizo fai referencia á atención directa á cidadanía para ofrecer información e orientación bibliográfica.

Para asignar o prezo de mercado ao asesoramento, de novo miramos cara ao que se considera como análogo ou o máis aproximado no mercado privado, o servizo de consultaría de información. O prezo do servizo de consultaría estímase en 20 € a hora.

A través de preguntas ao persoal bibliotecario coñeceuse que o tempo estimado de atención a cada consulta é de 10 minutos, polo que o prezo medio por consulta resulta en 3,33 €.

O 69,2 % das persoas usuarias utiliza os servizos de asesoramento, polo que se calculamos o produto da porcentaxe de persoas que utilizan o servizo polo número de visitas recibidas, obtemos o número de usos. No 2022 realizáronse 2.287.177 consultas ao persoal á vista dos datos estatísticos.


	Prezo medio da consulta	Estimación do nº de visitas	Valor do servizo
Asesoramento do persoal	3,3 €	2.287.177	7.623.923,16 €

Para calcular o custo do servizo, débese obter primeiro o número de horas que o persoal dedica a realizar esta función. Para iso, multiplicamos o tempo medio da consulta polo número de consultas efectuadas. O resultado é de 381.196 horas. Tendo en conta que o tempo total de traballo do persoal bibliotecario ascende aproximadamente a 1.245.465 horas, o 30,6 % da súa xornada está destinada ao asesoramento.

Así pois, finalmente, o custo do servizo de asesoramento bibliográfico é de 5.126.085,27 €.

Horas totais de consulta	Persoal equivalente a tempo completo	% da xornada dedicada a asesoramento	Custo do persoal	Custo do servizo
381.196	638,70	30,6%	16.748.227 €	5.126.085,27 €

O resultado do ROI para o valor do asesoramento bibliográfico é de 1; 1,49 €; isto é, por cada euro investido neste servizo, a cidadanía recibe un retorno social de 1,49 €.



4.4. O VALOR DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS CULTURAIS E FORMATIVAS

A programación de actividades lúdicas e formativas, obradoiros, encontros e demais experiencias culturais son un dos servizos ofrecidos pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.


En 2022 realizáronse 11.930 actividades cun total de 346.179 asistentes, segundo a información estatística das bibliotecas públicas de Galicia.

	Nº actividades	% sobre o total de actividades
Literatura e poesía	568	4,8%
Contacontos	2.139	17,9%
Música e danza	305	2,6%
Teatro	457	3,8%
Conferencias	371	3,1%
Cursos, obradoiros, seminarios, etc.	2.957	24,8%
Exposicións	936	7,8%
Proxección e audicións	306	2,6%
Clubs de lectura	2.114	17,7%
Outras	1.777	14,9%
Total de actividades	11.930	

Para estimar o prezo da asistencia a cada unha destas actividades, realizouse unha extensa busca que comprende as diferentes tipoloxías de actividades; obradoiros, seminarios, actividades literarias, actividades infantís, teatro, conferencias, etc.

O resultado permitiu establecer o prezo medio da entrada en 10,7 €, cun valor do servizo estimado total de 3.704.115,30 €, mentres que o custo investido na organización de actividades é de 1.346.011 €.

O resultado do ROI para o valor das actividades organizadas é de 1; 2,75 €; isto é, por cada euro investido na realización de actividades de diversa índole, a cidadanía recibe un retorno social de 2,75 €.



4.5. O VALOR DO USO DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS

A disposición de equipos informáticos para as persoas usuarias é un dos servizos ofrecidos pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. É posible atopar dispositivos informáticos dispoñibles tanto para o uso en sala como para o préstamo.


Logo dunha intensa busca de servizos de alugueiro de equipos informáticos, fixouse o prezo medio do servizo en 2 € ao día.

O número de usos estimado para este servizo é de 103.099 usos, que fan referencia ao número de sesións a internet con equipamento da biblioteca.

	Prezo medio do servizo	Estimación do nº de usos	Valor do servizo
Uso dos equipos informáticos	2 €	103.099	209.290.97 €

O custo do investimento é de 230.660 €, pero débese ter en conta que non todos os equipos informáticos son de uso público. Dos 2.451 equipos cos que conta a RBPG o 71,9 % son de uso público, polo que cómpre aplicar a mesma porcentaxe ao custo de investimento.

O resultado do ROI para o valor do uso dos equipos informáticos é de 1; 1,26 €; isto é, por cada euro investido recibe un retorno social de 1,26 €.




4.6. ROI GLOBAL

Os servizos ata agora analizados permiten calcular o ROI global para a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia a través da metodoloxía de asignación de prezos de mercado.

É necesario ter en conta que este dato, ben que é un resultado global, non pode ser entendido como unha imaxe completa dos servizos da Rede de Bibliotecas de Galiza, xa que hai servizos que non puideron ser incluídos no cálculo, ben por falta de datos para estimar o valor de todos os servizos (pola imposibilidade de atribuír prezos no mercado privado de servizos análogos) ou os custos (información non desagregada a ese nivel).

Dos servizos analizados, case o 40 % dos beneficios obtidos pola cidadanía, medidos en termos monetarios, proveñen do préstamo de libros físicos e contidos audiovisuais (39,8 %). O 30,9 % dos beneficios veñen do uso que a cidadanía fai da sala de lectura e o 19,4 % do asesoramento do persoal. Obsérvase que os servizos que máis beneficios netos reportan son os tradicionalmente asociados á biblioteca. No entanto, os servizos que repercuten un maior custo á RBPG son o de asesoramento (50,2 %), seguido do servizo que proporcionan os espazos para ler e estudar (19,1 %).




Pero para analizar en conxunto os beneficios e os custos, débese prestar especial atención aos resultados do ROI.

	Beneficio	Custo	ROI
Préstamos	15.660.808	1.626.389	9,63
Salas	12.144.156	1.946.722	6,24
Asesoramento	7.623.923	5.126.085	1,49
Actividades	3.704.115	1.346.011	2,75
Equipos informáticos	209.291	165.913	1,26
TOTAL	39.342.294	10.211.121	3,85

O ROI indica o retorno do investimento. Neste caso concreto, equivale ao valor económico que a cidadanía recibe ao poder usar os servizos bibliotecarios, o que amplía as súas posibilidades de consumir outros bens e servizos.

Como se desprende da táboa, existen servizos cun maior retorno do investimento. Isto está estreitamente relacionado co uso que se fai deles, xa que un maior uso repercute nun maior valor dos servizos e unha maior amortización dos custos. O servizo cun maior retorno do investimento é o préstamo de materiais e o seguinte, uso das salas de lectura para ler ou estudar con material propio ou da biblioteca. Este servizo tamén é un dos máis demandados segundo a enquisa realizada a persoas usuarias da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, polo que se observa unha correlación clara entre o retorno do investimento e os servizos tradicionalmente asociados ás bibliotecas públicas.



En ningún dos servizos analizados se observa un índice negativo, o que apunta a que todos os beneficios percibidos dos servizos ofrecidos pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia son superiores aos custos necesarios para a súa execución.

Estes resultados, ademais dun indicador de rendibilidade, poñen de manifesto o importante que é a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, polo que estes equipamentos non deben ser considerados como un gasto público, senón como un investimento social lexítimo.



5. O VALOR ECONÓMICO DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA SEGUNDO A METODOLOXÍA DE VALORACIÓN CONTINXENTE

Como método adicional ao calculo do ROI a través da asignación de prezos de mercado (APM) que vimos anteriormente, existe outro denominado Valoración Continxente (VC).

A Valoración Continxente consiste en estimar un prezo a partir da percepción do valor que teñen os consumidores dun ben que non está no mercado e da súa disposición a pagar por el (Osorio y Correa, 2009; Riera, 1994).

A través das enquisas realizadas tanto a persoas usuarias como non usuarias foi posible coñecer o valor económico que estas perciben.

A continuación, vaise estimar o valor da RBPG a través da metodoloxía da valoración continxente.

CANTO CUSTARÍA O SERVIZO SE O PRESTASE UNHA EMPRESA PRIVADA?


Os custos totais da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ascenderon no ano 2022 a 30.033.354 €. As persoas usuarias da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia consideran que se o servizo o prestase unha empresa privada, custaría unha cantidade media de 17,89 € ao mes (214,68 € ao ano) por cada persoa usuaria, o que equivale a un valor total no ano de 173.722.463,40 €.

Valor	Valor total	Usuarios/as	Prezo anual
	173.725.281,72 €	809.229	214,68 €

Custo	Custo total	Gastos correntes	Investimento
	30.033.354 €	28.470.878 €	1.562.476,0 €

ROI	5,78 €
-----	--------

Tendo en conta que o custo total é de 30.033.354 €, isto resulta nun ROI de 1;5,78, o que equivale a 5,78 € por euro investido.



Porén, hai que advertir que este dato non ten en conta a percepción das persoas non usuarias.

Para que a cifra recolla a percepción de toda a poboación galega é necesario engadirlle a visión que as persoas non usuarias teñen sobre o valor dos servizos que a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ofrece.

A RBPG A TRAVÉS DE IMPOSTOS


As persoas non usuarias non se lles preguntou sobre o que cren que custarían os mesmos servizos que recibiu da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia se fose unha empresa privada, porque non recibiron tales servizos. Non obstante, a súa percepción é necesaria para obter un ROI que considere a visión de toda a cidadanía galega, e non só a das persoas usuarias, que pode tender a unha inflación do valor.

Por iso, na enquisa dirixida a persoas non usuarias, engadiuse unha pregunta que facía referencia ao investimento por habitante (**8,95 €/ano**, segundo o II Mapa de Bibliotecas de Galicia) destinado a manter a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, sobre a que se lle solicitaba valoración. De non estar de acordo (xa fose inferior ou superior), preguntábaselles que cantidade considerarían xusta.

Esta pregunta tamén se incorporou na enquisa ás persoas usuarias. A continuación, explóranse as respostas ofrecidas por ambos grupos.


Tan só un 4,7 % das persoas usuarias considera excesivo o investimento de 8,95 € por habitante para manter a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, fronte ao 13,4 % de persoas non usuarias que son desta opinión. En ambos casos as porcentaxes que poden considerarse baixas.

Tendo en conta unicamente a opinión das persoas non usuarias, máis da metade considera que a cifra é adecuada (63,1 %). Mentres que entre as persoas usuarias, a maioría (53,4 %) considera este importe inferior ao que debería.




En resumo, **case a totalidade das persoas usuarias (95,2 %) e o 86,6 % das persoas non usuarias considera a cifra de gasto por habitante adecuada ou inferior ao que debería ser**. Estes resultados destacan o papel da RBPG na sociedade e a importancia de contribuír a través de impostos ao mantemento deste servizo, coa percepción, en moitos casos, de que a cifra debería ser superior á sinalada.

Concretamente, **as persoas usuarias consideran que o investimento por habitante ao ano debería ser de 60,10 € de media, mentres que para as persoas non usuarias a cifra se sitúa en torno a 12,10 €**. Ambas cantidades, aínda que cunha gran fenda, están claramente por riba do investimento actual.



MERECE A PENA PAGAR UNHA CANTIDADE POLOS SERVIZOS DA RBPG?

Case a metade da poboación galega (40,4 %) cre que todos deberían pagar unha cantidade anual para manter o servizo no caso de que a RBPG non se financiase a través de impostos, mentres que un 34,3 % considera que a cidadanía si debería pagar unha cantidade, pero unicamente as persoas que fagan uso do servizo.



O 25,3 % da cidadanía galega considera que non merecería a pena pagar unha cantidade se as bibliotecas non se financiasen a través de impostos. Concretamente, o 33,9 % das persoas non usuarias e o 16,9 % de persoas usuarias.

Cabe destacar que un 26,3 % das persoas non usuarias pagarían unha cantidade aínda que non utilizan os servizos da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Esta disposición a pagar, a pesar de non precisar os seus servizos no último ano, é un indicador da importancia e a contribución real das bibliotecas públicas á sociedade.


O RETORNO DO INVESTIMENTO DA RBPG A TRAVÉS DA METODOLOXÍA VC

Finalmente, **calcúlase o ROI total tendo en conta a visión de toda a cidadanía galega**. Por un lado, tense en conta o valor que as persoas usuarias lle asignan aos servizos (prezo que estiman que cobraría unha empresa privada) e por outro, calcúlase o valor atribuído polas persoas non usuarias (o resto da poboación galega) tendo en conta a cantidade que pensan que se debería investir por ano). **O ROI total así estimado é de 1;6,54. É dicir, por cada euro investido, retornaría 6,54 €.**

Valor usuarios/as	Valor total	Nº usuarios/as	Prezo anual
	173.725.281,72 €	809.229	214,68 €
Valor non usuarios/as	Valor total	Nº non usuarios/as	Prezo anual
	22.781.756,85 €	1.881.235	12,11 €
Valor total	196.507.037,57 €		

Custo	Custo total	Gastos correntes	Investimento
	30.033.354 €	28.470.878,0 €	1.562.476,0 €

ROI	6,54 €
-----	--------



Observando o ROI, despréndese a idea de que as bibliotecas son moi valiosas para a comunidade e ofrecen servizos e recursos que son apreciados tanto polas persoas usuarias, como tamén por unha importante parte das persoas non usuarias.

Estas últimas, aínda que lle atribúen un menor valor económico que as persoas usuarias, teñen tamén unha valoración positiva da contribución da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia á sociedade, xa que teñen un impacto directo na educación e a cultura da poboación.

Se se contrastan os custos totais deste servizo en 2022 co valor económico que xeran, é posible afirmar que a **RBPG é un investimento economicamente rendible**.



6. CONCLUSIÓNS

A modo de resumo e logo da exhaustiva análise sobre o valor económico e social da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, pódese determinar que o seu ROI oscila entre 3,58 € e 6,54 € por euro investido.


Débese ter en conta que o dato resultante de aplicar a metodoloxía APM non inclúe a totalidade dos servizos ofertados pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e perde valor no cálculo total. Esta limitación veu dada pola imposibilidade de fixar un prezo a un determinado servizo no mercado ou por falta de información desagregada acerca do custo dun servizo determinado.

En cambio, a metodoloxía da Valoración Continxente corrixe este erro, xa que considera o servizo bibliotecario como un total. Con todo, esta metodoloxía está suxeita á subxectividade na valoración que realiza a poboación e supón un risco de que os servizos resulten subestimados ou sobrevalorados en función da opinión que teñan destes. Por iso, a aplicación de ambas metodoloxías cobra sentido e proporciona un equilibrio balanceado entre ambas as dúas cifras.

Finalmente, esta investigación confirma o que outros estudos xa apuntaran; as bibliotecas públicas demostran a rendibilidade dos seus servizos unha vez máis, non só en termos sociais, senón tamén en termos económicos.

A rendibilidade da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia amosa cifras superiores aos seus precedentes, o que pode indicar que creceu o valor económico das bibliotecas neste longo intervalo temporal e da boa consideración e saúde dos servizos ofrecidos polas bibliotecas no contexto xeográfico galego.

Ámbito xeográfico	ROI	Ano	Metodoloxía
Galicia	De 3,85 € a 6,54 €	2022	APM e VC
Navarra	De 3,49 € a 4,66 €	2016	APM e VC
Barcelona	2,25 €	2011	APM
Nacional	De 2,49 € a 3,40 €	2010	APM e VC



Por outro lado, este estudo reitera a importancia sobre o impacto social que ten a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Case a totalidade da poboación galega considera o acceso á información e ao coñecemento como un dos beneficios da RBPG, ademais de opinar que as bibliotecas son un espazo de encontro e convivencia para a comunidade o que contribúe á cohesión social e ao benestar das persoas.

En resumo, os resultados avalan, unha vez máis, a importancia das bibliotecas públicas na sociedade, debido a que xeran un impacto positivo tanto en termos sociais como económicos.

O seguinte paso debe ser a difusión e concienciación sobre o valor económico que a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia achega á sociedade, permitindo que a poboación coñeza o valor dos servizos que utiliza ou podería utilizar e que aforra de forma directa. Con este fin, porase á disposición da cidadanía unha ferramenta dinámica que permita calcular o valor dos servizos que ofrecen as bibliotecas, que contribuirá á difusión e concienciación da importancia da RBPG.

7. BIBLIOGRAFÍA

Gómez Yáñez, J.A. (2014). *El valor económico y social de los servicios de información: bibliotecas*. Madrid: FESABID.

Gómez Zapata, J.D. (2021). *Las bibliotecas tienen valor: estudio de valor económico y social del sistema de bibliotecas públicas de Medellín*. Medellín: Secretaría de Cultura Ciudadana de Medellín y Sistema de Bibliotecas Públicas de Medellín.

Hernández Sánchez, H. (2016). *El valor de las bibliotecas: estudio de impacto económico y social de las bibliotecas en Navarra 2016: Informe de resultados*. Madrid-Pamplona: Consejo de Cooperación Bibliotecaria, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte; e Gobierno de Navarra.

Jarillo Calvarro, S. (2012). "Bibliotecas universitarias y costes. ¿Valemos lo que costamos?". *Boletín de la Asociación Andaluza de Bibliotecarios* 103 (xaneiro-xuño), pp. 45-47.

Luria, M. e Pintor, J. (2013). "El retorno a la inversión de la Red de Bibliotecas Municipales de la provincia de Barcelona (2007-2011)". *Actas de las XIII Jornadas Españolas de Documentación*. Toledo: Fesabid, pp. 10-30.

Riera, P. (1994). *Manual de valoración contingente*. Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.

Ross García, F. (2018). "Retorno de la inversión (ROI) en bibliotecas. Herramientas prácticas para calcular el valor económico y social de la biblioteca". *Boletín de la Asociación Andaluza de Bibliotecarios* 116 (xullo-décembro), pp. 34-42.

Osorio Múnera, J.D y Correa Restrepo, F.J (2009). "Un análisis de la aplicación empírica del método de valoración contingente". *Semestre Económico* 12, número 25, pp. 11-30.

SROI Network (2012). *A guide to social return on investment*. Versión web: <https://socialvalueuk.org/resources/a-guide-to-social-return-on-investment-2012/>



8. ANEXO.

Cuestionarios

A TÚA OPINIÓN IMPORTA

PARTICIPA

ENQUISA SOBRE OS SERVIZOS QUE OFRECE A REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia está realizando un estudo entre a cidadanía para coñecer como valora o servizo que ofrecen as bibliotecas públicas de Galicia e como estas contribúen ao benestar e desenvolvemento da sociedade.

Cubrir este cuestionario non lle levará máis de 3 minutos e a súa achega é moi importante para obter información sobre como se percibe este servizo público.

Informámolo de que os datos proporcionados serán tratados de maneira anónima e confidencial, agregada e non individualizada, coa finalidade de obter a información global necesaria para a realización do estudo Polo anterior, a participación nesta enquisa non suporá un tratamento dos seus datos persoais.



1

Cando foi a última vez que utilizou algún servizo da biblioteca pública (física ou dixital)?

Hai unha semana ou menos	☐
Entre unha semana e un mes	☐
Entre un e seis meses	☐
Entre seis meses e un ano	☐
Entre un e tres anos	☐

2

Dos seguintes servizos, cales coñece ou sabe que ofrecen as bibliotecas públicas?

	Coñece		Se os coñece, usounos algunha vez?	
	Si	Non	Si	Non
Préstamo de libros e revistas	☐	☐	☐	☐
Préstamo de material audiovisual: películas ou música en CDs ou DVDs, ou outros soportes.	☐	☐	☐	☐
Préstamo dixital ou acceso a outros recursos en liña	☐	☐	☐	☐
Un espazo onde ler a prensa	☐	☐	☐	☐
Un espazo para ler ou estudar, con material propio ou da biblioteca	☐	☐	☐	☐
Un espazo para xogar	☐	☐	☐	☐
Uso de equipos da biblioteca como PCs, tabletas, consolas etc.	☐	☐	☐	☐
Conexión a internet con WIFI libre	☐	☐	☐	☐
Consulta en liña do catálogo da biblioteca	☐	☐	☐	☐
Asesoramento bibliográfico e información por parte do persoal da biblioteca	☐	☐	☐	☐
Actividades culturais: presentación de libros, contacontos, representacións de teatro, exposicións, clubs de lectura etc.	☐	☐	☐	☐
Actividades de formación xeral ou especializada	☐	☐	☐	☐
Uso de espazos por parte de grupos ou entidades para actividades sociais ou culturais (presentacións, reunións etc)	☐	☐	☐	☐

3

Con que frecuencia usa os servizos bibliotecarios?

Unha vez á semana ou máis

☐

Unha ou dúas veces ao mes

☐

Tres ou catro veces ao ano

☐

Unha vez ao ano ou con menos frecuencia

☐

4

Pensemos agora nos beneficios que as bibliotecas lle poden proporcionar ao conxunto da sociedade. Nunha escala de 0 a 5, valore o grao de acordo coas seguintes afirmacións onde 0 é totalmente en desacordo e 5 totalmente de acordo.

0 1 2 3 4 5

Son un soporte para a educación dos nenos/as e mozos/as proporcionando espazos para estudar e materiais, recursos e programas educativos.

--	--	--	--	--	--

Axudan as persoas a prepararse para conseguir novos ou mellores empregos.

--	--	--	--	--	--

Facilitan o coñecemento e manexo das novas tecnoloxías, diminuindo a fenda dixital.

--	--	--	--	--	--

Fomentan a innovación e o desenvolvemento científico, económico e social.

--	--	--	--	--	--

Son un lugar para a preservación e a promoción da cultura, as tradicións e a diversidade.

--	--	--	--	--	--

Ofrecen espazos e recursos inclusivos e seguros para toda a cidadanía, independentemente do seu xénero, orientación sexual, raza ou identidade.

--	--	--	--	--	--

Proporcionan espazos comunitarios que promoven a cohesión social e a participación cívica.

--	--	--	--	--	--

Promoven a igualdade de xénero.

--	--	--	--	--	--

Ofrecen espazos, servizos e recursos accesibles para persoas con discapacidade, polo que son un espazo de integración social efectiva.

--	--	--	--	--	--

Fomentan a concienciación e contribúen a reducir os problemas ambientais e o cambio climático.

--	--	--	--	--	--

Facilitan o acceso a información de calidade e contribúen a fortalecer a transparencia, a responsabilidade e a democracia.

--	--	--	--	--	--

Proporcionan información e recursos sobre a saúde e o benestar e promoven un estilo de vida saudable

--	--	--	--	--	--

5

Como cualificaría de 0 a 10 a súa satisfacción cos servizos prestados pola biblioteca? (0 é totalmente insatisfeito/a e 10 completamente satisfeito/a).

0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

6

Supoñamos que os servizos que prestan as bibliotecas non fosen financiados a través de impostos, que os proporcionase unha empresa privada e custasen un prezo, como a entrada a un cine ou a compra de libros. Canto cre que custarían os servizos que recibiu da biblioteca no último ano?

Non se trata do que vostede quixese ou puidese pagar, senon do que crea que lle custarían os servizos que vostede recibiu se llos proporcionase unha empresa.

Pode anotalo como unha cantidade mensual ou anual.

Custo ao mes



Pasar á pregunta 7

Custo ao ano



Pasar á pregunta 7

Non sabería valoralo



Pasar á pregunta 6.b

6.b

Se ten dificultade para responder a pregunta anterior, use a escala que lle propoñemos a continuación, e marque a opción que considere oportuna.

Recorde que lle preguntamos polo custo que cre que tería que pagar, non polo que vostede quixese ou puidese pagar.

€/mes	€/ano	
2 €	24 €	☐
3 €	36 €	☐
5 €	60 €	☐
10 €	120 €	☐
15 €	180 €	☐
20 €	240 €	☐
25 €	300 €	☐
30 €	360 €	☐
40 €	480 €	☐
50 €	600 €	☐
máis de 70 €	máis de 840 €	☐

7

Agora si, pedímoslle que nos diga canto estaría disposto/a a pagar polos servizos recibidos no último ano (custo total anual)

8

Pensando en xeral sobre o servizo que ofrecen as bibliotecas públicas, cre que se este servizo non se financiase a través de impostos, a cidadanía debería pagar unha determinada cantidade para dispoñer dos servizos que nos prestan as bibliotecas

Si, todos e todas deberíamos pagar unha cantidade anual para manter o servizo

☐

Si, pero unicamente deberían pagar as persoas usuarias

☐

Non, non merecería a pena pagar un prezo polos servizos bibliotecarios

☐

9

Segundo o II Mapa de Bibliotecas de Galicia, o investimento por habitante ao ano é de 8,95¹ euros para manter a Rede de bibliotecas de Galicia e os seus servizos. Parécelle unha cantidade excesiva, adecuada ou inferior ao que debería ser?

Excesiva



Pasar á pregunta 9.b

Adecuada



Pasar á pregunta 10

Inferior



Pasar á pregunta 9.b

¹ Dato extraído das estatísticas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia; gasto por habitante: <https://estadistica-rbgalicia.xunta.gal/gastos/indicadores-rendemento?m=1>

9.b

Cal é a cifra que consideraría adecuada?

10

En que concello está situada a biblioteca que usa habitualmente?

Para rematar, imos facerlle unhas preguntas que nos servirán para clasificar as respostas. Lembrámoslle que todos os datos serán tratados de maneira anónima e confidencial.

- 1 Vostede é... ☐ Home
☐ Muller
☐ Outros
☐ Prefiro non dicilo

- 2 Podería indicarnos a súa idade?

- 3 Cal é o seu nivel de estudos?
- ☐ Sen estudos ou educación primaria (inclúe EXB)
- ☐ Educación secundaria (ESO, bacharelato, FP)
- ☐ Educación superior (grao, diplomatura, licenciatura ou máis)

- 4 Cal é a súa situación laboral?
- ☐ Traballador/a por conta allea
- ☐ Traballador/a por conta propia
- ☐ Traballos no fogar non remunerados
- ☐ Parado/a ou desempregado/a
- ☐ Estudante
- ☐ Xubilado/a ou pensionista

- 5 Contándose vostede, cantas persoas conviven no fogar?

- 6 En que intervalo se atopan os ingresos netos do conxunto dos membros do fogar? (importe mensual)
- ☐ Sen ingresos
- ☐ Menos de 500 euros
- ☐ De 500 a 1000 euros
- ☐ De 1001 a 1500 euros
- ☐ De 1501 a 2500 euros
- ☐ De 2501 a 3500 euros
- ☐ Máis de 3501 euros

Moitas grazas pola súa colaboración

A TÚA OPINIÓN IMPORTA PARTICIPA

ENQUISA A PERSOAS NON USUARIAS DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia está realizando un estudo entre a cidadanía para coñecer como valora o servizo que ofrecen as bibliotecas públicas de Galicia e como estas contribúen ao benestar e desenvolvemento da sociedade.

Cubrir este cuestionario non lle levará máis de 3 minutos e a súa achega é moi importante para obter información sobre como se percibe este servizo público.

Informámolo de que os datos proporcionados serán tratados de maneira anónima e confidencial, cumprindo coas esixencias da lexislación vixente en materia de protección de datos, recollida no Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello Europeo do 27 de abril de 2016 Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais (LOPDGDD).



1

Cando foi a última vez que utilizou algún servizo da biblioteca pública (física ou dixital)?

- Hai unha semana ou menos ☐
- Entre unha semana e un mes ☐
- Entre un e seis meses ☐
- Entre seis meses e un ano ☐
- Entre un e tres anos ☐
- Máis de tres anos ☐

CONTINUAR A ENQUISA SE CONTESTOU MÁIS DE 3 ANOS

2

Dos seguintes servizos, cales coñece ou sabe que ofrecen as bibliotecas públicas?

	Coñece		Gustaríalle utilizalos?	
	Si	Non	Si	Non
Préstamo de libros e revistas	☐	☐	☐	☐
Préstamo de material audiovisual: películas ou música en CDs ou DVDs, ou outros soportes.	☐	☐	☐	☐
Préstamo dixital ou acceso a outros recursos en liña	☐	☐	☐	☐
Un espazo onde ler a prensa	☐	☐	☐	☐
Un espazo para ler ou estudar, con material propio ou da biblioteca	☐	☐	☐	☐
Un espazo para xogar	☐	☐	☐	☐
Uso de equipos da biblioteca como PCs, tabletas, consolas etc.	☐	☐	☐	☐
Conexión a internet con WIFI libre	☐	☐	☐	☐
Consulta en liña do catálogo da biblioteca	☐	☐	☐	☐
Asesoramento bibliográfico e información por parte do persoal da biblioteca	☐	☐	☐	☐
Actividades culturais: presentación de libros, contacontos, representacións de teatro, exposicións, clubs de lectura etc.	☐	☐	☐	☐
Actividades de formación xeral ou especializada	☐	☐	☐	☐
Uso de espazos por parte de grupos ou entidades para actividades sociais ou culturais (presentacións, reunións etc)	☐	☐	☐	☐

3

Pensemos agora nos beneficios que as bibliotecas lle poden proporcionar ao conxunto da sociedade. Nunha escala de 0 a 5, valore o grao de acordo coas seguintes afirmacións onde 0 é totalmente en desacordo e 5 totalmente de acordo.

	0	1	2	3	4	5
Son un soporte para a educación dos nenos/as e mozos/as proporcionando espazos para estudar e materiais, recursos e programas educativos.						
Axudan as persoas a prepararse para conseguir novos ou mellores empregos.						
Facilitan o coñecemento e manexo das novas tecnoloxías, diminuindo a fenda dixital.						
Fomentan a innovación e o desenvolvemento científico, económico e social.						
Son un lugar para a preservación e a promoción da cultura, as tradicións e a diversidade.						
Ofrecen espazos e recursos inclusivos e seguros para toda a cidadanía, independentemente do seu xénero, orientación sexual, raza ou identidade.						
Proporcionan espazos comunitarios que promoven a cohesión social e a participación cívica.						
Promoven a igualdade de xénero.						
Ofrecen espazos, servizos e recursos accesibles para persoas con discapacidade, polo que son un espazo de integración social efectiva.						
Fomentan a concienciación e contribúen a reducir os problemas ambientais e o cambio climático.						
Facilitan o acceso a información de calidade e contribúen a fortalecer a transparencia, a responsabilidade e a democracia.						
Proporcionan información e recursos sobre a saúde e o benestar e promoven un estilo de vida saudable						

4

Cales son os principais motivos polos que non usa os servizos bibliotecarios?

- | | |
|---|--------------------------|
| <u>Non teño tempo</u> | ☐ |
| <u>Non me interesa</u> | ☐ |
| <u>Consigo os libros por outros medios</u> | ☐ |
| <u>Prefiro ler ou estudar na casa</u> | ☐ |
| <u>Motivos de saúde</u> | ☐ |
| <u>A biblioteca quedame moi lonxe e/ou non teño medios para desprazarme ata ela</u> | ☐ |
| <u>Non atopo os materiais ou as actividades que me interesan nas bibliotecas</u> | ☐ |
| <u>Non coñezo ningunha ou non sei onde están</u> | ☐ |
| <u>O horario da biblioteca non me coincide ben</u> | ☐ |
| <u>Non ofrecen un bo servizo</u> | ☐ |
| <u>Malas instalacións</u> | ☐ |
| <u>Problemas de accesibilidade física ao recinto</u> | ☐ |
| <u>Descoñezo o funcionamento da biblioteca</u> | ☐ |
| <u>Outros (especificar)</u> | ☐ |

5

Pensando en xeral sobre o servizo que ofrecen as bibliotecas públicas, cre que se este servizo non se financiase a través de impostos, a cidadanía debería pagar unha determinada cantidade para dispoñer dos servizos que nos prestan as bibliotecas

- | | |
|--|--------------------------|
| <u>Si, todos e todas deberíamos pagar unha cantidade anual para manter o servizo</u> | ☐ |
| <u>Si, pero unicamente deberían pagar as persoas usuarias</u> | ☐ |
| <u>Non, non merecería a pena pagar un prezo polos servizos bibliotecarios</u> | ☐ |

6

Segundo o II Mapa de Bibliotecas de Galicia, o investimento por habitante ao ano é de 8,95¹ euros para manter a Rede de bibliotecas de Galicia e os seus servizos. Parécelle unha cantidade excesiva, adecuada ou inferior ao que debería ser?

Excesiva	→	Pasar á pregunta 9.b
Adecuada	→	Pasar á pregunta 10
Inferior	→	Pasar á pregunta 9.b

¹ Dato extraído das estatísticas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia; gasto por habitante: <https://estadistica-rbgalicia.xunta.gal/gastos/indicadores-rendemento?m=1>

6.b

Cal é a cifra que consideraría xusta?

7

En que concello reside?

Para rematar, imos facerlle unhas preguntas que nos servirán para clasificar as respostas. Lembrámoslle que todos os datos serán tratados de maneira anónima e confidencial.

- 1 Vostede é... ☐ Home
☐ Muller
☐ Outros
☐ Prefiro non dicilo

- 2 Podería indicarnos a súa idade?

- 3 Cal é o seu nivel de estudos?
- ☐ Sen estudos ou educación primaria (inclúe EXB)
- ☐ Educación secundaria (ESO, bacharelato, FP)
- ☐ Educación superior (grao, diplomatura, licenciatura ou máis)

- 4 Cal é a súa situación laboral?
- ☐ Traballador/a por conta allea
- ☐ Traballador/a por conta propia
- ☐ Traballos no fogar non remunerados
- ☐ Parado/a ou desempregado/a
- ☐ Estudante
- ☐ Xubilado/a ou pensionista

- 5 Contándose vostede, cantas persoas conviven no fogar?

- 6 En que intervalo se atopan os ingresos netos do conxunto dos membros do fogar? (importe mensual)
- ☐ Sen ingresos
- ☐ Menos de 500 euros
- ☐ De 500 a 1000 euros
- ☐ De 1001 a 1500 euros
- ☐ De 1501 a 2500 euros
- ☐ De 2501 a 3500 euros
- ☐ Máis de 3501 euros

Moitas grazas pola súa colaboración



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE